

D I T A M E

Ditame
2/11

sobre o anteproxecto de

**Lei do turismo
de Galicia**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 9 D E A B R I L



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 21 de febreiro de 2011 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei do turismo de Galicia .

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 24 de febreiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 3 de marzo de 2011, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 10/11, de data 26 abril de 2011, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/11, do 29 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei do turismo de Galicia

ESTRUTURA E CONTIDO

1. Obxecto da Lei:

Planificación, ordenación, promoción e o fomento do turismo na Comunidade autónoma de Galicia e comprende a regulación das seguintes materias:

- a) As competencias e a organización administrativa en materia de turismo.
- b) A regulación dos dereitos e deberes das usuarias e usuarios turísticos.
- c) A definición e promoción dos recursos turísticos, da calidade turística e desenvolvemento do Plan de Ordenación Turística.
- d) A ordenación xeral da actividade turística: empresas turísticas, profesións turísticas, promoción e fomento do turismo e disciplina turística.

O anteproxecto de lei estrutúrase nun título preliminar e nove títulos máis, cinco disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

No **Título Preliminar** “*Disposicións xerais*” (artigos 1 e 2), recolle o obxecto, fins e o ámbito de aplicación.

No **Título I** “*Organización e competencias da administración galega*” (artigos 3 ao 9), abarca as competencias das Administracións públicas en materia de turismo, as competencias da Xunta de Galicia, as municipais, as das entidades locais supramunicipais, o Consello do Turismo de Galicia, a Rede Galega de Oficinas de Turismo e as Comunidades Galegas no exterior.

No **Título II** “*Dereitos e obrigas da usuaria e do usuario turístico*” (artigos 10 ao 19), refírese ao concepto e dereito da usuaria ou usuario turístico, á información e a calidade dos bens e servizos adquiridos, á seguridade, á tranquilidade e intimidade, a formular queixas e reclamacións, a non discriminación, aos dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos ante a Administración e as obrigas das usuarias e dos usuarios turísticos.

No **Título III** “*Dos recursos, da organización e da calidade turísticos*” (artigos 20 ao 32), comprende os obxectivos xerais, os recursos de interese turístico, o plan de organización turística de Galicia, os xeodestinos turísticos, os territorios de preferente actuación turística, o procedemento de declaración de territorio de preferente actuación turística, o contido do plan de actuación

integral, a declaración de municipios turísticos, os servizos mínimos dos municipios turísticos, os efectos da declaración de municipio turístico, a perda da condición de municipio turístico, Galicia como marca turística e da calidade turística.

No **Título IV** “*Da ordenación das empresas turísticas*” (artigos 33 ao 87), divídese en 7 Capítulos.

Capítulo I “*Dos dereitos e das obrigas das empresas turísticas*” (artigos 33 ao 35), define o concepto, os dereitos das empresas e dos empresarios turísticos e as obrigas das empresarias e dos empresarios turísticos.

Capítulo II “*Aspectos básicos para o desenvolvemento da actividade turística*” (artigos 36 ao 39), recolle a liberdade de empresa, de establecemento e de prestación de servizos, protección dos dereitos das persoas na actividade turística, protección do patrimonio natural e cultural de Galicia, e o intrusismo profesional.

Capítulo III “*Requisitos xerais das empresas turísticas*” (artigos 40 ao 52), comprende a clasificación e autorización administrativa dos establecementos turísticos, autorización e modificacións ou reformas substanciais dos campamentos de turismo, declaración responsable de inicio de actividade e solicitude de clasificación turística, cambios substanciais nas empresas turísticas suxeitas á declaración responsable, comunicación de cambios non substanciais, efectos da declaración responsable, resolución da clasificación e autorización turística, facultade de dispensa, revogacións de clasificacións e autorización, informe potestativo previo, Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa inscrición, Réxime, e a comunicación e a publicidade de prezos.

Capítulo IV “*Das empresas de aloxamento turístico*” (artigos 53 ao 74) abarca o concepto, o principio de unidade de explotación, tipos de establecementos de aloxamento turístico, establecementos hoteleiros, hoteis, clasificación, hotel-apartamento, hotel-balneario, hotel-talaso, pensións, pousadas, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, agroturismo, hospedaría rurais, pazos e outras edificacións sobranceiras, casas rurais, aldeas de turismo rural, réxime de explotación, e o albergue turístico.

Capítulo V “*Das empresas de restauración*” (artigos 75 ao 80), refírese ao concepto das mesmas, as exclusións, a súa clasificación, aos restaurantes, cafeterías e bares.

Capítulo VI “*Das empresas de intermediación*” (artigos 81 ao 86), comprende o concepto de ditas empresas, a súa clasificación, as axencias de

viaxe, a clasificación de ditas axencias, as centrais de reservas e a súa garantía.

Capítulo VII “*Dos complexos turísticos*”(artigo 87), refírese aos complexos turísticos.

No **Título V** “*Das empresas de servizos turísticos complementarios*” (artigo 88), comprende o concepto e requisitos de ditas empresas.

No **Título VI** “*Das profesións turísticas*” (artigos 89 e 90), recolle o concepto e das guías e dos guías de turismo.

No **Título VII** “*Promoción e fomento do turismo*” (artigos 91 ao 96), divídese en 2 Capítulos.

Capítulo I “*Disposicións xerais*” (artigo 91), refírese as competencias e principios de actuación.

Capítulo II “*Medidas de promoción e fomento*” (artigos 92 ao 96), recolle as medidas de promoción turística, o fomento do turismo, as axudas e subvencións, e o fomento dos estudos turísticos.

No **Título VIII** “*Disciplina turística*” (artigos 97 ao 125), divídese en 2 Capítulos.

Capítulo I “*Inspección turística*” (artigos 97 ao 106), comprende o ámbito de actuación da inspección turística, as función da inspección turística, as facultades das inspectoras e dos inspectores de turismo, os deberes das persoas titulares de actividades turísticas e do persoal ao seu servizo, deberes do persoal da inspección turística, coordinación interadministrativa, formalización da actuación inspectora, as actas de inspección e de infracción, e o pechamento de establecementos e suspensión de actividades.

Capítulo II “*Réxime sancionador*” (artigos 107 ao 125), divídese en 4 Seccións.

Sección primeira “*Disposicións xerais*” (artigos 107 e 108), recolle os suxeitos responsables, e a concorrencia de sancións e vinculacións coa orde xurisdiccional penal.

Sección segunda “*Infraccións*” (artigos 109 ao 113), comprende as infraccións leves, graves, e moi graves, a reincidencia e a prescrición das infraccións.

Sección terceira “*Sancións*” (artigos 114 ao 119), refírese a determinación das sancións, sancións accesorias, gradación das sancións, publicidade das sancións, prescrición das sancións, e os órganos com-

petentes para a imposición de sancións.

Sección cuarta “*Procedemento sancionador*” (artigos 120 ao 125), abarca a regulación do procedemento sancionador, conciliación, reparación e rectificación, incoación do procedemento sancionador, medidas provisionais, resolución do procedemento sancionador, e a execución das resolucións sancionadoras.

No **Título IX** “*Da arbitrase*” (artigo 126).

Nas **Disposicións Adicionais**, recolle o Consello do Turismo de Galicia, os Municipios turísticos, Festas de interese turístico de Galicia, Traballo en igualdade, Actualización contía das sancións.

Na **Disposición Transitoria**, réxime transitorio, a adaptación dos establecementos turísticos ás novas categorías, procedemento sancionadores iniciados antes da entrada en vigor desta lei, e o persoal con funcións de inspección turística.

Na **Disposición Derrogatoria**. Única.

Nas **Disposicións Finais**, habilitación para o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor desta Lei.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente, sen prexuízo das consideracións que se expresan neste ditame, que se teña optado pola técnica normativa de promulgar un texto legal unitario e completo, evitando a dispersión normativa que se produce ao modificar parcialmente leis que continúan en vigor.

Pode constituir ademais, unha boa oportunidade para a conveniente adaptación, de xeito útil e eficaz, da lexislación á realidade e ás demandas do sector e aos cambios normativos que se produciron nestes últimos anos, para o que sería oportuno, ao xuízo do CES, introducir no anteproxecto algunhas modificacións en liña coas consideracións particulares que formula no seu ditame, tratando de evitar efectos non desexables, como a inseguridade ou ambigüidade xurídicas.

Nun contexto de crise e incertezas como o que atravesamos, o sector mantense, en termos xerais, cun apreciable grao de competencia e cunha imaxe exterior global de calidade e excelencia, que se construiu ao longo de moitos anos e que a Lei de Turismo que agora se reforma, debería contribuir a manter e proxectar cara ao futuro.

Por outro lado, o CES ten que salientar que no anteproxecto de lei remítense demasiadas cuestións a un posterior desenvolvemento regulamentario e algunhas destas deberían ser obxecto dunha maior concreción no texto legal.

2.- O CES observa que en varios dos artigos (1, 4, 35 e 88) utilízanse nas clasificacións das letras j) e/ou k) que son impropias do alfabeto galego, polo que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- Exposición de motivos.

O CES considera que debería engadirse un parágrafo na parte final da Exposición de Motivos, alusivo ao ditame preceptivo do anteproxecto de lei, emitido por este Consello Económico e Social.

2.- O artigo 1. Obxecto e fins.

O CES considera que na **letra j)** debería engadirse ao final: *“o que implicará unha mellora nas condicións de traballo do sector turístico”*.

O CES entende que deberían incorporarse dous novos apartados:

- p) Emprego de calidade como garantía de turismo de calidade.
- q) Conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico cultural

3.- O artigo 2. Ámbito de aplicación.

O CES entende que na **letra d)** debería clarificar o alcance deste precepto, que pode resultar contraditorio coa **letra b)**, en relación co concepto de empresa turística que se define no artigo 33.

O CES considera que se debería engadir na **letra e)** *“... e/ou clientes”*.

4.- O artigo 3. Administracións públicas competentes en materia de turismo.

O CES considera que na **letra c)** do **apartado 1)**, debería engadirse *“... constituídas ao abeiro da normativa vixente nesta materia”*.

5.- O artigo 4. Competencias da Administración da Xunta de Galicia.

O CES estima que na **letra e)** debería engadirse ao final *“acompañada de*

políticas sectoriais, que teñan como obxecto promover o emprego estable e de calidade no sector”

En consonancia coa inclusión entre os fins da Lei da garantía e protección dos dereitos dos usuarios turísticos (**artigo 1, apartado segundo, liña h**)), o CES propón engadir como novo **apartado 2** deste artigo, entre as competencias da Xunta de Galicia, unha mención expresa á protección dos dereitos das persoas usuarias.

6.- O artigo 5. Competencias municipais.

O CES entende que no **apartado d)**, debería clarificar o concepto de “xeodestino” indicando *“xeodestino, segundo a definición contida no artigo 23.1.”*

O CES considera que tamén debería introducirse entre as competencias dos concellos unha mención expresa á colaboración coa Xunta de Galicia na protección dos dereitos das persoas usuarias turísticas.

7.- O artigo 7. Consello do Turismo de Galicia.

O CES entende que na **letra a) do apartado 2)**, debería engadir *“así como a consulta previa á elaboración de calquera normativa que afecte ao sector turístico”*.

O CES considera que a **letra c) do apartado 2)**, debería cambiar por: *“Informar con carácter preceptivo, e previamente a súa aprobación, os plans sectoriais de interese xeral”*.

O CES entende que se debería engadir unha nova letra, para incluír como función a de *“Informar previamente á declaración de Municipio Turístico prevista no artigo 27, así como sobre a perda desta condición que se regula no artigo 30”*.

Na función encomendada no **apartado b)**, referida ao traslado de informes, o CES entende que os devanditos informes deberán ser emitidos con carácter previo e serán preceptivos, e así debería figurar na norma.

O CES considera que os criterios para a clasificación e autorización administrativa dos establecementos turísticos regulados no artigo 40, a revogación das clasificacións e autorizacións, regulada no artigo 48, e a concesión de axudas e subvencións ás que fai referencia o artigo 95, deberían someterse a informe previo e preceptivo do Consello de Turismo de Galicia.

O CES entende que deberían definirse na Lei con maior precisión, as entidades ou institucións que van formar parte do Consello, sen deixar esta cuestión pendente do desenvolvemento regulamentario.

No **título I**, dedicado á organización e competencia da Administración turística Galega, o artigo 7 regula o “**Consello de Turismo de Galicia**” (para constituír no prazo dun ano, segundo a disposición adicional 1ª) que vén substituír o actual Consello Regulador do Turismo de Galicia. En opinión do CES e en relación co apartado 3º proxectado, deberían de engadirse como membros do citado consello as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia, nos termos establecidos na Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, e iso non só polo que na citada norma legal se establece, senón tamén porque as competencias ou funcións do proxectado consello así o requiren.

Pénsese que como órgano de asesoramento, apoio e proposta en asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento dun sector económico de vital importancia, que debe ser oído no trámite de audiencia dos plans sectoriais e de interese xeral ou sobre os proxectos e plans en materia turística, as achegas que poida facer tal consello exceden con moito da regulación do turismo como actividade, por canto na propia lei está prevista a regulación dos recursos turísticos (artigos 21 e seguintes), con especial atención aos territorios de preferente actuación turística, a elaboración de plans integrais de actuación turística, a ordenación das empresas turísticas, das profesións turísticas etc., temas todos eles nos que as organizacións máis representativas de Galicia, no exercicio dos dereitos que a Lei de participación institucional sinala, deben estar presentes a través das funcións que ao consello se lle atribúen na norma xurídica obxecto de exame.

É por iso que o CES considera que o citado artigo 7º. 3 debe modificarse para incluír a presenza de cando menos tres representantes das organizacións sindicais mais representativas e outras tantas persoas en representación das organizacións empresariais mais representativas.

Na composición do Consello do Turismo de Galicia (apartado terceiro do artigo) non se inclúe unha representación das organizacións de consumidores e usuarios, cando o artigo 51, apartado segundo, da Constitución establece que “*os poderes públicos promoverán a información e a educación dos consumidores e usuarios, fomentarán as súas organizacións e oirán a estas nas cuestións que poidan afectar a aqueles, nos termos que a lei estableza*”. Xa que logo, o CES entende que unha representación das devanditas organizacións debería incluírse expresamente entre os membros do Consello.

8.- O artigo 16. Dereito a formular queixas e reclamacións.

O CES propón unha nova redacción:

1. *“A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a formular queixas e reclamacións de acordo co establecido nesta lei. As empresas turísticas están obrigadas a ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas pola Administración da Xunta de Galicia. A súa existencia deberá ser anunciada de forma visible e inequívoca e deberanlles ser entregadas, de xeito inmediato, aos/as usuarios/as cando as soliciten e, logo do pagamento dos servizos prestados, agás que estes foran a título gratuito. As características e o procedemento para a tramitación das follas de reclamacións determinaranse regulamentariamente”.*

9.- O artigo 19. Obrigas das usuarias e dos usuarios turísticos.

O CES entende que na **letra a)** debería engadir ao final: “*e o patrimonio histórico artístico*”.

10.- O artigo 22. Plan de organización turística de Galicia.

O CES estima que no **apartado 3)**, na penúltima liña despois de “*informe*”, debería engadir “*preceptivo*”.

11.- O artigo 23. Xeodestinos turísticos.

O CES entende que neste artigo, cando se define o “*xeodestino turístico*”

debería suprimirse o adxectivo “*territorial*”.

Tamén, no **apartado 3)** deste artigo, debería engadirse o mesmo que no **artigo 25.3**.

12.- O artigo 24. Territorios de preferente actuación turística

O CES estima que no apartado 1, debería engadir: “*Daráselle prioridade a aqueles territorios con recursos turísticos menos desenvolvidos.*”

13.- O artigo 27. Declaración de municipios turísticos.

O CES entende necesario que se evite a utilización abusiva da declaración de “*municipio turístico*”, ao considerar que podería levar a xeneralización desta denominación desvirtuando o seu carácter.

14.- O artigo 29. Efectos da declaración de municipio turístico.

En relación con este artigo, e xa que existe outra normativa anterior que regula a declaración de zona de gran afluencia turística, habería que clarificar se a nova redacción que se propón neste anteproxecto de lei choca ou se solapa coa xa regulada no artigo 9 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia. O CES entende que esta clarificación poderíase incluír na exposición de motivos ou ben incorporando unha disposición adicional ao anteproxecto.

15.- O artigo 30. Perda da condición de municipio turístico.

O CES entende que a redacción da **letra b)** do **apartado 1)** deste artigo, debería corrixirse, por exemplo do seguinte xeito: “*Se deixan de darse as circunstancias que a motivaron*”.

16.- O artigo 47. Facultade de dispensa.

O CES entende que no **apartado 1)** na **última liña** despois de “*motivada e*”,

deberíase engadir “*ponderada.*”

O CES considera que no **apartado 2)**, deberíanse anular as palabras “*puidieran*” e “*diversas*”. Tamén considera que se debería substituír a palabra “*establecer*” por “*establecerán*”.

17.- O artigo 52. Réxime, comunicación e publicidade de prezos.

En relación co desenvolvemento regulamentario previsto no **apartado 2)** deste artigo, o CES entende que é preciso, para non contradicir a Directiva europea de servizos, darlle liberdade a cada establecemento na política de reservas e cancelacións, sen prexuízo dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

18.- O artigo 67. Establecementos de turismo rural.

O CES propón que no **apartado 1)** deste artigo, se suprima o contido que sigue despois do punto e seguido, xa que se utilizan termos e conceptos confusos e superfluos.

19.- O artigo 69. Hospedarías rurais.

O CES entende que por vía regulamentaria, debería concretarse unha listaxe orientativa das actividades complementarias de servizos turísticos ás que se alude no **apartado 1)** do **artigo 69**.

Establece este artigo que:

“Son hospedarías rurais os establecementos situados no medio rural que posuindo un carácter tradicional ou un singular valor arquitectónico ofrecen aloxamento por cuartos e, polo menos, dúas actividades complementarias de servizos turísticos ligados ao medio onde se atopan. A capacidade de aloxamento destes establecementos non superará as 40 prazas.”

O CES considera que, dadas as limitacións existentes en materia arquitectónica, urbanística, patrimonial e cultural, resulta superfluo establecer na Lei un número máximo de prazas.

20.- O artigo 77. Empresas de restauración . Clasificación.

Obsérvase que desaparece da anterior clasificación das empresas de restauración, contida no artigo 43 da Lei 14/2008, o grupo de “*Furanchos*”.

O CES considera que, dada a evidente realidade da existencia deste tipo de actividade, é preferible a súa regulación legal (v.gr.mínimas condicións de hixiene e salubridade, establecemento de tempadas, etc.) e non propiciar un baleiro legal que vai en prexuízo do sector e das persoas usuarias deste tipo de establecementos.

21.- O artigo 78. Empresas de restauración. Restaurantes.

No **apartado 2)** deste artigo, enúncianse as cinco categorías en que se clasifican os restaurantes.

O CES entende que se deberían concretar na lei as características básicas e regulamentariamente os requisitos que debe reunir cada restaurante para obter a cualificación que en cada caso proceda.

22.- O artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente en función da antigüidade, singularidade, arraigamento así como das actividades promocionais que desenvolvan.

O CES estima que se debería engadir “*sempre previa audiencia ao Consello Galego de Turismo*”.

23.- O artigo 97. Ámbito de actuación da inspección turística.

O CES propón engadir un **apartado 4)** neste artigo, no que se indiquen os obxectivos da actuación inspectora, que deberán someterse ao trámite de audiencia do Consello de Turismo de Galicia.

24.-O artigo 117. Publicidade das sancións.

O CES considera que se debería mellorar a redacción deste precepto, suprimindo o último enunciado (“*na vía xudicial*”) xa que pode darse o caso de que non se produza recurso en vía xudicial por parte da persoa infractora, e que a sanción adquira firmeza polo simple transcurso do prazo para promovelos.

25.- Disposición adicional segunda. Municipios turísticos.

O CES entende que se debería establecer un prazo adecuado para esixirlle o cumprimento do conxunto dos requisitos que se indican nesta Lei de Turismo a todos os concellos, incluídos aqueles que xa tiñan esta denominación con anterioridade, en evitación de situacións discriminatorias entre entidades locais.

26.- Disposición transitoria cuarta. Persoal con funcións de inspección turística.

O CES entende que se debería engadir, ao final do texto desta disposición, a expresión “*e de acordo coa normativa da función pública*”.

27.- Disposición derradeira (sic) primeira e Disposición derradeira (sic) segunda.

O CES entende que estas dúas disposicións débense cualificar de “*Finais*”, á luz da definición que do termo “*derradeira*” fai a Real Academia Galega.

Santiago de Compostela, 29 de abril do 2011

V^a e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida

VOTO PARTICULAR

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Os conselleiros do grupo segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), queren manifestar a través da presentación do presente voto algunhas observacións que na súa opinión se deberon ter en conta no texto do ditame.

Os integrantes do grupo segundo queren manifestar que estas observacións non implican a ausencia de conformidade co texto do ditame que aprobou a Comisión Sectorial n.º 1 do CES, co que este grupo segundo está de acordo.

1.- Artigo 19. Obrigas das usuarias e dos usuarios turísticos

O apartado e) deste artigo establece como obriga “*Comunicar ao que presta o servizo as queixas e as suxestións pertinentes, de ser posible, antes de finalizar o seu consumo sen prexuízo do dereito de formulación de queixas ou reclamacións*”.

Segundo a opinión do grupo segundo, considérase demasiado imprecisa e aberta a redacción deste apartado, o que podería ser unha porta aberta á picaresca e faría, en todo caso, moi complexa a interpretación deste apartado e a súa aplicación práctica polo que sería desexable unha maior concreción da obriga da formulación das queixas e das suxestións polas usuarias e polos usuarios turísticos, antes de finalizar o consumo.

2.- Artigo 96. Fomento dos estudos turísticos

Sínálase neste artigo que a Administración turística da Xunta de Galicia impulsará a subscrición de acordos e convenios coas universidades para a elaboración de programas e plans de estudos en materia turística.

Habería que engadir, neste artigo, a colaboración coas asociacións empresariais nun ámbito como o educativo no que desde o Plan Bolonia se está a potenciar a colaboración entre os centros universitarios e o sector privado, por este motivo na nosa opinión habería que engadir *“e tamén coas asociacións empresariais máis representativas, de acordo coa Lei 17/2008 de participación institucional”*.

3.- Réxime sancionador

No que se refire ao réxime sancionador, e con carácter xeral, entendemos que este debería ser máis proporcionado para evitar, así, a introdución de conceptos xurídicos indeterminados e a responsabilidade solidaria e, incluso, deixar máis clara na tipificación das infraccións o elemento subxectivo da mala fe da presunta persoa infractora.

Por outra parte, o concepto “repercusión negativa para o sector turístico e para a imaxe turística de Galicia” utilízase como criterio para a imposición de sancións accesorias e para a propia graduación das sancións.

Ademais de ser un criterio excesivamente “ambiguo” e, polo tanto, xerador de importantes inseguridades require unha definición máis clara posto que calquera infracción, mesmo leve, pode segundo os casos afectar a imaxe turística de Galicia en función de factores externos como a pública repercusión; non se pode utilizar dobremente para agravar a sanción e para a imposición de sancións accesorias e, así, se debe sinalar na propia lei, clarificando que non se poderá utilizar por iso dobremente.

Deberase, polo tanto, integrar na dita lei tal distinción de modo que utilizado para a pena accesoria non se pode utilizar á vez para graduar a sanción e referir o dito concepto só no caso de infraccións moi graves, conceptuando o concepto xurídico indeterminado utilizado.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2011

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA EUROCONSUMO-GALICIA (GRUPO III)

Artigo 19. Obrigas das usuarias e dos usuarios turísticos.

A usuaria ou o usuario turístico terá as seguintes obrigas:

[...]

e) Comunicar ao prestador do servizo as queixas e suxestións pertinentes, de ser posible, antes de finalizar o seu consumo, sen prexuízo do dereito de formulación de queixas ou reclamacións.

Euroconsumo Galicia solicita a supresión da alínea e) do artigo 19, porque non resulta procedente configurar como unha obriga dos usuarios turísticos comunicar ó prestador dos servizo as queixas e suxestións pertinentes.

No que atinxe á presentación de suxestións, carece de sentido algún e resulta manifestamente absurdo configurar esta facultade dos usuarios como unha obriga ou un deber, se se ten en conta cal é a natureza dunha suxestión.

Polo que respecta á presentación de queixas ante o prestador do servizo, só tería sentido configurala como un deber dos usuarios se se establecese un procedemento obrigatorio de reclamación ante o prestador do servizo como requisito previo de admisibilidade das reclamacións que se quixesen presentar ante a Administración turística. Sen embargo, tal procedemento obrigatorio de reclamación non se prevé nesta lei nin parece oportuno que se introducise, tendo en conta as características do sector, no que predomina a pequena empresa, que non ten capacidade para xestionar adecuadamente procedementos dese tipo. Por iso adoitan ser as leis reguladoras de sectores económicos dominados por grandes empresas (banca, seguros, servizos de interese xeral) as que establecen os procedementos de reclamación dos que se está a falar. Xa que logo, a presentación de queixas ou reclamacións no sector turístico debería continuar a ser soamente un dereito dos usuarios e nunca un deber o unha obriga dos mesmos.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2011



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org